

RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 29 DE ABRIL DE 2016.

Actas

[1.-Toma de posesión da deputada do Partido Popular, dona Rosa María Gallego Neira.](#)

[2.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/16, do 30 de marzo.](#)

[3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 6.451 á número 8.700, de 2016.](#)

[4.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia seguintes:](#)

Núm. 6929, do 30/03/2016, 7697 do 12/04/2016 e 7698 do 12/04/2016 sobre cesamento de persoal eventual.

Núm. 6930, do 30/03/2016, modificada pola 7466 do 05/04/2016, e 7811 do 12/04/2016, sobre nomeamento de persoal eventual para realizar función sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento especial.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

[5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para financiar o XII Encontro de Embarcacións tradicionais de Galicia.](#)

[6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para financiar o Programa de cursos, exposicións e visitas do ano 2015.](#)

[7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar o Programa de concertos do ano 2015.](#)

Comisión de Deportes e Mocidade

[8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Náutico Firrete correspondente á subvención nominativa para financiar a adquisición de equipamento para a posta en funcionamento da instalación de piragüismo en Pontedeume.](#)

[9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Unión Deportiva Somozas correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na 2ª División Nacional B de fútbol no ano 2015.](#)

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo

[10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia \(ASCEGA\) para financiar o proxecto "Incoruna 2015".](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

11.-Aprobación do texto e formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Zas para a atención de visitantes ás Torres do Allo.

12.-Aprobación do texto e formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo para o proxecto de xestión con atención de visitantes, mostra de artesanía en vivo e outras actividades do Castelo de Vimianzo e os batáns de Mosquetín.

13.-Aprobación do texto e formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Capela para a xestión da atención a visitantes e outras actividades culturais do Mosteiro Caaveiro ano 2016.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico.

14.-Aprobación do Plan de aforro e investimento (PAI) Adicional 1/2015

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión para o financiamento da obra de ampliación/acondicionamento de cunetas, rede municipal de pluviais en Lamiño, Liñares e Vioxo-Luaña

16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carnota para o financiamento da obra de posta en funcionamento das plantas alta e baixa no Centro Sociocultural do Viso

17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Moeche para o financiamento da obra de “Adecuación de locais sociais e culturais: antigo local de protección civil de Abade, local social de Abade e local social do Pereiro”

18.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros para o financiamento da obra de “Ordenación do aparcadoiro de Bastiaqueiro”

19.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Paderne para o financiamento do investimento “Adquisición de marquesiñas”

20.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento do investimento “Reparación rede de saneamento na parroquia do Vilar”

21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo para o financiamento da obra de “Acondicionamento de dependencias municipais no antigo Liceo”

[22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Toques para o financiamento da obra de “Abastecemento de augas a Vilouriz e Fondevila”](#)

[23.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Camiño de Troitamil a pista aglomerado \(Lestedo\) e outros”, do Concello de Boqueixón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2016 co código 16.2100.0029.0 e aprobación definitiva da obra.](#)

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

[24.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de marzo de 2016.](#)

[25.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 29/02/2016 e proxección a 31/12/2016.](#)

[26.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/03/2016 e proxección a 31/12/2016.](#)

[27.-Dar conta das Resolucións da Presidencia núm. 8124 do 15 de abril de 2016 e núm. 8312 de 20 de abril de 2016 polas que se aproban os Expedientes de Modificación de Créditos de Incorporación de Remanentes números dous e tres, de aprobación pola Presidencia.](#)

[28.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao primeiro trimestre de 2016 na Deputación provincial e no Consorcio provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.](#)

[29.-Modificación da base 28: contratos menores, das de execución do orzamento para o exercicio 2016.](#)

[30.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia para financiar as actividades do ano 2015.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

[-Moción do Grupo Provincial de Compostela Aberta para promover a instalación de desfibriladores nos espazos deportivos da provincia.](#)

[-Moción dos grupos provinciais do PSdG-PSOE, BNG-Asembleas Abertas, Alternativa dos Veciños e Compostela Aberta de apoio á Asociación Plataforma de vítimas Alvia 04155.](#)

ROGOS E PREGUNTAS

1.-TOMA DE POSESIÓN DA DEPUTADA DO PARTIDO POPULAR, DONA ROSA MARÍA GALLEGO NEIRA.

Dona Rosa María Gallego Neira toma posesión do seu cargo, xurando o seu desempeño e lendo a fórmula, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 3/16, DO 30 DE MARZO.

Apróbase a acta da sesión anterior, número 3/16, do 30 de marzo.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 6.451 Á NÚMERO 8.700, DE 2016.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 6.451 á número 8.700, de 2016.

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA SEGUINTE:

Núm. 6929, do 30/03/2016, 7697 do 12/04/2016 e 7698 do 12/04/2016 sobre cesamento de persoal eventual.

Núm. 6930, do 30/03/2016, modificada pola 7466 do 05/04/2016, e 7811 do 12/04/2016, sobre nomeamento de persoal eventual para realizar función sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento especial.

O Pleno toma coñecemento das seguintes resolucións da Presidencia:

Números 6929, do 30/03/2016, 7697 do 12/04/2016 e 7698 do 12/04/2016 sobre cesamento de persoal eventual.

Número 6930, do 30/03/2016, modificada pola 7466 do 05/04/2016, e 7811 do 12/04/2016, sobre nomeamento de persoal eventual para realizar función sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento especial.

5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL PARA FINANCIAR O XII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de marzo de 2016.

2.- Aprobar o convenio coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, correspondente á subvención nominativa, por importe de 25.000 €, concedida para financiar o *XII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia*, cun orzamento subvencionado de 65.719,93 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo á aprobación definitiva e entrada en vigor do Expediente de Modificación de Crédito n.º 1/2016, no que se inclúe o crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para financiar o *XII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia*”

Na Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Manuel García Sendón, presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial é unha entidade privada sen ánimo de lucro constituída no ano 1994, integrada por 45 colectivos, que ten a finalidade de incidir na defensa, conservación e difusión da cultura e do patrimonio

dos mares e dos ríos de Galicia, así como das súas costas e ribeiras, así como de fomentar o uso social do patrimonio marítimo e fluvial e a súa dinamización.

2.- Neste contexto, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial desenvolveu, no presente ano, o *XII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia*, na vila de Cabo de Cruz. Esta xuntanza é unha actividade que esta entidade vén celebrando dende o ano 1993, e que xa é considerada como a gran festa do patrimonio marítimo e fluvial.

3.- A Deputación da Coruña consciente do interese que para a vila de Cabo de Cruz, o concello de Boiro e a súa área de influencia, ten a celebración deste tipo de actividades cara á dinamización da zona na que este tipo de encontros teñen lugar, tanto polo seu raizame, como polas propias características da celebración á que concorren asociacións afíns tanto de Galicia, como doutras comunidades autónomas e doutros países, está interesada en colaborar no financiamento da actividade proposta, polo que ambas as dúas entidades acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (NIF: G36231561) para financiar o ***XII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia***, que tivo lugar en Cabo de Cruz- Boiro do 9 ao 12 de xullo pasado, e cuxo contido foi o seguinte:

- * Actividades participativas de integración previas ao Encontro
- * Actividades marítimas
- * Actividades en terra (actuacións musicais, obradoiros expositivos e demostrativos, exposicións, xogos populares, iniciación ao nautismo, rutas culturais, cine, recitais de poesía, teatro).
- * Xornadas técnicas.
- * Voluntariado

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

As actividades programadas foron desenvolvidas pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial de acordo co seguinte orzamento:

Gastos directos:

* Loxística en terra (carpas, equipos electróxicos, megafonía, escenarios, son e produción)	23.500,00.-
* Loxística no mar (amarres, fondeos, balizamentos, gasoil)	2.000,00.-
* Seguros do evento e vixilancia recinto	2.000,00.-
* Comunicación e publicidade nos medios	3.500,00.-
* Artes gráficas e imprenta (serigrafías, lonas, cartelería, programación, gallardetes)	12.000,00.-
* Vídeos e spots promocional evento	2.000,00.-

* Hospedaxes delegacións	1.500,00.-
* Gastos de promoción exterior do encontro	1.100,00.-
* Actividades culturais (exposicións, conferencias, obradoiros, xornadas, música)	10.248,09.-
* Gastos de persoal ao servizo do evento	4.059,75.-
<i>Total gastos directos</i>	<i>61.907,84.-</i>

Gastos indirectos:

* Teléfono	548,90.-
* Identidade corporativa, elaboración e impresión	2.500,00.-
* Páxina web	190,94.-
* Asesoría	272,25.-
* Material oficina	300,00.-
<i>Total gastos indirectos</i>	<i>3.812,09.-</i>
Total orzamento	65.719,93 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000 €, o que representa unha porcentaxe do 38,04%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 38,04% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola representante legal da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta **antes do 31 de xullo de 2016.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do

Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarano esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual modo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial realizada, polo menos, dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE CURSOS, EXPOSICIÓNS E VISITAS DO ANO 2015.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de abril de 2016.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea CIEC correspondente á subvención nominativa, por importe de 85.000 €, concedida para o *Programa de cursos, exposicións e visitas do ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 107.485 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo á aprobación definitiva e entrada en vigor do Expediente de Modificación de Crédito n.º 1/2016, no que se inclúe o crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para financiar o Programa de cursos, exposicións e visitas do ano 2015

Na Coruña

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Jesús Núñez Fernández, Presidente da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea (CIEC), en representación dela.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

MANIFESTAN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Fundación CIEC constituíuse na cidade de Betanzos o día 7 de abril de 1997, sendo un dos seus membros fundadores o Concello de Betanzos.

3.- Que a Fundación CIEC ten por obxecto a promoción e difusión das artes plásticas en xeral, e a arte gráfica, en particular.

4.- Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.

Neste senso, dende o ano 2001, a colaboración da Deputación da Coruña permite programar cada ano unha ampla programación de actividades no campo da gráfica, con dúas liñas principais: a formativa e a expositiva.

5.- Que a Fundación CIEC pretende realizar no presente ano un programa de actividades dirixidas á formación de artistas e á difusión das artes plásticas considerado de gran interese pola Deputación.

6.- Que, consonte co sinalado anteriormente e, de conformidade co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á realización das actividades e, neste senso, no Orzamento para o Exercicio do ano 2015 figura unha subvención nominativa para a Fundación CIEC, destinada a transferencias correntes a institucións sen fins de lucro, dentro do programa de apoio a entidades culturais.

7.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación CIEC, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea (NIF: G15600976) para financiar o **Programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2015**, co seguinte contido:

Actividade formativa:

* XII Máster en obra gráfica- Cursos de Inverno: cursos de litografía, serigrafía e gravado calcográfico.

* XXXI Cursos de Verán "Gráfica 2015": cursos monográficos sobre unha técnica gráfica en particular.

* Talleres libres nas fins de semana nos que o CIEC pon as súas instalacións a disposición dos artistas.

* Asistencia a feiras de arte gráfica: Festival FIG, en Bilbao; Feira das Artes Plásticas da Coruña; feiras en Madrid: ARCO, ArtMadrid e JustMadrid.

* Programa de colaboración con outros centros formativos nacionais ou do estranxeiro.

Para estes efectos, no órgano da fundación que conceda bolsas con cargo a este programa, deberá participar un representante da Deputación, e os bolseiros terán que ser seleccionados de acordo con criterios que teñan carácter obxectivo.

Actividade expositiva:

* A Colección, integrada por máis de tres mil estampas das que se mostra unha selección que rota de xeito que se expoñan as novas obras.

* Exposicións temporais individuais ou colectivas.

Programa de visitas didácticas: dirixido a colexios, institutos, escolas de artes e facultades.

*Premio Internacional de arte gráfica “Jesús Núñez”*a Fundación colabora coa Deputación de Coruña, convocante do premio, na xestión, na exposición itinerante que é inaugurada na sede da Fundación e na concesión de bolsas de formación as persoas que obteñen os dous accésits.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación CIEC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Talleres e cursos monográficos de gravado

Profesorado cursos: honorarios de invitados e especialistas	17.000.-
Xefe de taller	11.836.-
Traslados: gasolina e gastos	279.-
Mantemento de talleres e espazos	1.030.-
Dirección adxunta	18.900.-
Informática e administración	1.490.-
Coordinación e secretariado	9.000.-
Xestión ordinaria da Fundación	8.370.-
Material didáctico cursos e talleres	9.009.-
Bolsas de material didáctico	25.010.-
Difusión (publicidade, folletos, correo)	520.-
<i>Importe</i>	102.444.-

Exposicións

Asistencia feiras: postos, traslados, viaxes...	601.-
Exposicións do CIEC	1.000.-
<i>Importe</i>	1.601.-

Visitas didácticas

Material funxible	1.500.-
<i>Importe</i>	1.500.-

X Premio de arte gráfica Jesús Núñez

- * Organización, coordinación e secretariado
- * Recepción, inventariado, almacenaxe e embalaxe e devolución de obras
- * Preparación reunión xurado

* Exposición, presentación, publicidade	
* Bolsas correspondentes a 2 accésit	1.940.-
Importe	1.940.-
Total de gastos	107.485 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **85.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,081 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a Fundación que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,081 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación CIEC obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación CIEC.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación CIEC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación CIEC deberá solicitar polo menos tres orzamentos

a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación CIEC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación CIEC nun máximo de tres prazos, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Presentarase, ademais a documentación explicativa do procedemento seguido para a selección dos bolseiros e a determinación dos importes das bolsas.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación dos ingresos obtidos por matrículas.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Para o cobro do último prazo, ademais, presentarase a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación CIEC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2015**, como máximo.

2.- Despois de que estean rematadas as actividades, a Fundación CIEC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de xullo de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación CIEC para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación CIEC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación CIEC na documentación subministrada; e se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación CIEC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación CIEC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación CIEC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación CIEC deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación CIEC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación CIEC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación CIEC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación CIEC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Fundación CIEC, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTA GAOS PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE CONCERTOS DO ANO 2015.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4 de marzo de 2016.

2.- Aprobar o convenio coa Asociación Cultural Orquesta Gaos correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida para financiar o *Programa de concertos do ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 16.249,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo á aprobación definitiva e entrada en vigor do Expediente de Modificación de Crédito n.º 1/2016, no que se inclúe o crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar o *Programa de concertos do ano 2015*.

Na Coruña,

REÚNENSE

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Marcos Seoane Vilariño, presidente da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

EXPOÑEN

1.- Que o 20 de xaneiro de 2010 e, ao amparo do disposto na Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, foi constituída a Asociación Cultural Orquesta Gaos como unha asociación de carácter cultural musical, sen ánimo de lucro, cuxos fins principais son: a cultura musical e as súas relacións coas demais artes e ser o impulsor principal da Orquesta Gaos e dos seus principios.

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar concertos, cursos, conferencias, exposicións ou seminarios.

2.- Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre

outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio da realización dun ciclo de concertos da Orquesta Gaos na cidade da Coruña, co obxectivo de apoiar aos artistas autóctonos e estimular a produción feita en Galicia.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos (CIF: G70233424) que rexen as condicións reguladoras da subvención nominativa concedida para financiar o ***Programa de concertos do ano 2015***.

Estes concertos terán lugar na cidade da Coruña e en catro lugares máis, fóra da cidade, entre os meses de marzo e decembro, de acordo co seguinte programa:

- * Mes de marzo, Orquesta Gaos con Roberto Baltar Gordon (solista de óboe)
- * Mes de xuño, Orquesta Gaos con David Grimal (solista de violín).
- * Mes de xuño ou xullo, Orquesta Gaos con M^a José Rielo (solista de fagot)
- * Mes de outubro ou novembro, Orquesta Gaos con Javier Otero (pianista)
- * Mes de decembro, Orquesta Gaos concerto a beneficio de la Fundación Padre Rubinos

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Cultural Orquesta Gaos.

A Asociación Cultural Orquesta Gaos desenvolveu as actividades segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Material imprenta, difusión e oficina	526,00.-
Gravacións	4.537,50.-
Azafatas	2.000,00.-
Instalación concha acústica	415,50.-
Transporte instrumentos	2.057,00.-
Axudas de custe e desprazamentos músicos	5.303,00.-
Honorarios, viaxes e aloxamento solista	1.410,00.-
Total de gastos	16.249,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **61,54 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 61,54 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Orquesta Gaos obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Orquesta Gaos

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural Orquesta Gaos, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a actividade subvencionada, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Orquesta Gaos unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Orquesta Gaos, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades do Programa de concertos do ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2015**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de xullo de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural Orquesta Gaos para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural Orquesta Gaos da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Orquesta Gaos.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Orquesta Gaos terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Cultural Orquesta Gaos destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Orquesta Gaos poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual modo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Orquesta Gaos queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Orquesta Gaos serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Orquesta Gaos será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Cultural Orquesta Gaos realizada, polo menos, dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB NÁUTICO FIRRETE CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA INSTALACIÓN DE PIRAGÜISMO EN PONTEDEUME.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de abril de 2016.

2.- Aprobar o convenio co Club Náutico Firrete correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 26.409,60€, para financiar *a adquisición de equipamento para a posta en funcionamento da instalación de piragüismo en Pontedeume* cun orzamento subvencionado de 33.012,00 €, de acordo co texto que se achega.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Náutico Firrete correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a adquisición de equipamento para a posta en funcionamento da instalación de piragüismo en Pontedeume.

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Ramón Piñeiro Oliveira, presidente do **Club Náutico Firrete**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Náutico Firrete** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Náutico Firrete**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Náutico Firrete** (CIF:G15080831) para financiar **a adquisición de equipamento para a posta en funcionamento da instalación de piragüismo en Pontedeume.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Náutico Firrete** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Hangar (soportes piraguas, chalecos, palas, etc)	11.677,00 €
Vestuario (bancos de vestuario, repisas, percheiros)	4.365,00 €
Taquillas	1.200,00 €
Ximnasio (ergómetro, bancos bicicletas, elíptica, mancornos, espellos, etc)	15.770,00 €
Total	33.012,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **26.409,60 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/342/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle **ao Club Náutico Firrete**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas , nin co **Club Náutico Firrete** calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, ao **Club Náutico Firrete** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o **Club Náutico Firrete** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Náutico Firrete**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Náutico Firrete** unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Club Náutico Firrete** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria. Con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o día **31 de decembro de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **Club Náutico Firrete** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día **31 de xullo de 2016**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Náutico Firrete** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá ao **Club Náutico Firrete** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Náutico Firrete** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda ao **Club Náutico Firrete**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. O **Club Náutico Firrete** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. O **Club Náutico Firrete** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Náutico Firrete** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Náutico Firrete** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención

pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Náutico Firrete** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Náutico Firrete** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Náutico Firrete** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Club Náutico Firrete**.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB UNIÓN DEPORTIVA SOMOZAS CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA 2ª DIVISIÓN NACIONAL B DE FÚTBOL NO ANO 2015.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de febreiro de 2016.

2.- Aprobar o convenio co Club Unión Deportiva Somozas correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 30.000 €, para financiar a *participación na 2ª División Nacional B de fútbol no ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 39.406,02 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo á aprobación definitiva e entrada en vigor do Expediente de Modificación de Crédito n.º 1/2016, no que se inclúe o crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Unión Deportiva Somozas correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a *participación na 2ª División Nacional B de fútbol no ano 2015*

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. José García Liñares, Deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Juan Alonso Tembrás, Presidente do **Club Unión Deportiva Somozas**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a

práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Unión Deportiva Somozas** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Unión Deportiva Somozas**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Unión Deportiva Somozas** (CIF:G15473283) para **financiar a participación na 2ª División Nacional B de fútbol no ano 2015**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O **Club Unión Deportiva Somozas** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
NOMINAS E SEGURIDADE SOCIAL	33.406,02 €
VIAXES DESPRAZAMENTO	6.000,00 €
TOTAL	39.406,02 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 76,13%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,13%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Unión Deportiva Somozas**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin con ao **Club Unión Deportiva Somozas** calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, ao **Club Unión Deportiva Somozas** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o **Club Unión Deportiva Somozas** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Unión Deportiva Somozas**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Unión Deportiva Somozas** unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Club Unión Deportiva Somozas** xustificativa do cumprimento das

condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria. Con cargo a dita conta deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o día **31 de decembro de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **Club Unión Deportiva Somozas** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día **31 de xullo de 2016**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Unión Deportiva Somozas** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Unión Deportiva Somozas** da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 59.2ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Unión Deportiva Somozas** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda ao **Club Unión Deportiva Somozas**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. O **Club Unión Deportiva Somozas** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. O **Club Unión Deportiva Somozas** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Unión Deportiva Somozas** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Unión Deportiva Somozas** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a

subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Unión Deportiva Somozas** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Unión Deportiva Somozas** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Unión Deportiva Somozas** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Club Unión Deportiva Somozas** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Club Unión Deportiva Somozas**.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) PARA FINANCIAR O PROXECTO “INCORUNA 2015”.

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de abril de 2016.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (ASCEGA) para financiar as actividades do proxecto “Incoruna 2015”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 30.000 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 61,26 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433/481 prevista no vixente orzamento provincial.

6º Condicionar a efectividade do presente acordo á definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2016 no que queda consignado crédito adecuado e suficiente con que facer fronte á achega provincial ao convenio.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Alfonso Salazar Martínez, con DNI núm. 32768071V, en representación da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)

1. Que a Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) consideran de gran interese para a provincia a celebración de congresos a nivel nacional, dende os derivados do propio turismo ata o establecemento de contactos profesionais entre os asistentes, e que poden chegar a materializarse na apertura de novos negocios, ademais de impulsar o comercio electrónico e marketing on-line para o emprendedor, achegando ideas, experiencias e oportunidades.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), CIF G70252622, para o financiamento do proxecto “Incoruna 2015”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	
- E-COMMERCE INCORUNA, 5 e 6 de MAIO de 2015	17.166,00 €	
-Servizos de comunicación e redes sociais	2.420,00 €	
-Deseño e creatividade, pezas gráficas	2.200,00 €	
-Produción, programas e imprenta	2.026,00 €	
-Publicidade en La Voz de Galicia	1.500,00 €	
-Relatores comercio electrónico	7.580,00 €	
Atrezzo auditorium	860,00 €	
Envío Newsletter	580,00 €	
- I LEADERSHIP SENIOR INCORUNA, 7 de MAIO de 2015	12.022,00 €	
-Contratación de relatores	5.850,00 €	
-Servizos de Redes Sociais e Community Manager marzo, abril e maio	2.200,00 €	
-Servizos de deseño gráfico	1.200,00 €	
-Attrezzo mobiliario para escenario	960,00 €	
-Produción de gráfica, cartelería, programas	1.812,00 €	

- GASTOS COMÚNS DOS DOUS CONGRESOS		19.779,00 €
-Secretaría técnica, traslados, hotéis coordinación e execución dos 2 Congresos	16.800,00 €	
-Seguros Rc e accidentes dos 2 Congresos	680,00 €	
-Material merchandising 4 páx (200 + 200)	2.299,00 €	
TOTAL		48.967,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 61,265%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 61,265% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha

memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPREENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPREENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRórROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados os días 5, 6 e 7 de maio de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do ano 2016.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPREENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de maio de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá

exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de _____. E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACIÓN
COMERCIAL DE
EMPRENDEDORES DE GALICIA
(ASCEGA)

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

11.-APROBACIÓN DO TEXTO E FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES ÁS TORRES DO ALLO.

1.-Aprobar o texto do convenio entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Zas para a xestión con atención de visitantes e actividades culturais complementarias nas Torres do Allo no ano 2016, coa achega provincial indicada na cláusula cuarta do convenio de 33.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3363/22609, utilizando o nivel de vinculación xurídica.

2.-Facultar o presidente para a execución do presente acordo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES AS TORRES DO ALLO

En Zas

REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro Don Manuel Muíño Espasandín, alcalde-presidente do Concello de Zas

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor das Torres do Allo.

2.- O concello de ZAS leva colaborando coa Deputación provincial da Coruña na xestión das Torres do Allo, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, o obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e facer máis próximo o patrimonio á xente.

3.- O Concello de ZAS quere intensificar a súa colaboración coa Deputación na xestión das Torres do Allo.

4.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto arquitectónico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de ZAS acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de ZAS, CIF: P-1509400-F por medio

do cal a Deputación provincial da Coruña encoméndalle ao Concello de ZAS , OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES ÁS TORRES DO ALLO:

- Dar uso turístico ás Torres do Allo dentro dunha estratexia municipal e provincial.
- Impulsar o uso educativo e didáctico das Torres.
- Implicar á poboación local na posta en valor dos edificio e conectalo coa realidade da contorna

ACTIVIDADES NAS TORRES DO ALLO

NOME	SERVIZO DE ATENCIÓN A VISITANTES NO PAZO DAS TORRES DO ALLO. De marzo a decembro de 2016
TEMPORALIZACIÓN	Do 17 de marzo ao 31 de decembro
ACTIVIDADES	
Atención ao visitante	Consiste en atender ao visitante durante a súa visita, e dar servizos anteriores e posteriores, se demandaran.
Actividades de animación	Organizar varias actividades de animación relacionadas co Pazo. Organizar charlas divulgativas, presentacións de libros, etc. Realizar actividades culturais e de lecer no Pazo.
Comunicación e promoción	Accións de divulgación, comunicación e promoción destinadas a diferentes públicos e empregando diversidade de ferramentas.

SEGUNDA: OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE ZAS.

ACTIVIDADE DE ATENCIÓN AO VISITANTE:

Obxectivos:

- Facilitar a visita do recinto e dos elementos museísticos e doutras exposicións que poida haber, colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realizala nas mellores condicións, prestando os servizos de guía, monitorado ou similares.
- Facilitar aos visitantes folletos e información turística e cultural sobre as Torres do Allo e o seu entorno (Costa da Morte).

- Prestar servizos a grupos de visitantes.
- Controlar o adecuado tránsito polo inmobile e establecer circuítos.

A información debe terse preparada, cando menos, en galego, castelán e inglés e a persoa que atenda aos visitantes debe saber dar unha explicación do conxunto nestes tres idiomas.

ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN

Obxectivos:

- Enriquecer a experiencia da visita e implicar a poboación local no mantemento do patrimonio.
- Organizar actividades culturais e lúdicas nas Torres.
- Organizar charlas divulgativas e presentacións de libros
- Implicar o tecido asociativo municipal para que participen activamente no desenvolvemento das actividades culturais organizadas desde o concello.
- Implicar ás artesanías locais para que desenvolvan actividades de presentación dos seus produtos nas Torres.

ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN:

Obxectivos:

- Dar a coñecer as Torres do Allo como recurso turístico de Zas e de toda a Costa da Morte
- Levar a cabo un labor didáctico sobre escolares, para que poidan visitar o Pazo e con poboación local e os visitantes, e fagan un labor de divulgación deste recurso.
- Trátase de divulgar este recurso e os seus contidos con diferentes ferramentas:
 - Web do Concello de Zas, e redes sociais
 - Prensa e medios de comunicación
 - Material impreso
 - Mailings
- As accións de divulgación e comunicación teñen os seguintes públicos obxectivos:
 - Profesionais de hostelería de Zas
 - Poboación de Zas
 - Profesionais de hostelería de Costa da Morte, e limítrofes.
 - Puntos de información turística e museos
 - Centros educativos da provincia e asociacións
 - Axencias de viaxes

Para cada un deles é necesario deseñar unha estratexia de comunicación diferente.

Horarios e temporalización:

Anualidades	De Semana Santa de 2016 ata 31/12/2016
Inicio do servizo	17 de marzo de 2016
Semana Santa	Días: Atención desde o 17 de marzo ata o 28 de marzo, ambos os dous inclusivos, todos os da semana. Horario: de 11:00 a 20:00 horas ininterrompidamente
Entre a Semana Santa e o verán	Días: Atención desde o 29 de marzo ata o 15 de xuño, ambos os dous incluídos, de venres a domingo, e festivos Horario: de 11:00 a 20:00
Verán	Días: Atención desde o 15 de xuño ata o 15 de setembro, ambos os dous incluídos, todos os días da semana. Horario: de 11:00 a 20:00 horas
Entre o 16 de setembro e o 31 de decembro	Días: Atención desde o 16 de setembro e o 31 de decembro, ambos os dous incluídos, de venres a domingo, e festivos. Horario: de 11:00 a 20:00

Organización:

O responsable da organización é a Alcaldía, co apoio técnico dos departamentos de Emprego e Desenvolvemento Local e Cultura.

O Concello colaborará co persoal municipal no desenvolvemento de todas as actividades complementarias ao servizo de atención ao visitante, mediante a organización de charlas, xornadas temáticas, presentación de libros, e actividades de tipo cultural e lúdico. Todo isto co obxectivo de converter o Pazo nun punto de atención e cultural de referencia.

TERCEIRA: DISPOSICIÓN COMÚN

O Concello de Zas fará constar en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., o financiamento da Deputación Provincial da Coruña

CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación provincial da Coruña aboará ao Concello de ZAS a cantidade de 33.000 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes as Torres do Allo e actividades complementarias durante o período comprendido entre o 17 de marzo do 2016 ata o 31 de decembro de 2016, con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3363/22609 e con arranxo ó seguinte desagregamento:

PERÍODO DESDE SEMANA SANTA 2016 ATA 31/12/2016	
Orzamento	
Recursos humanos	23.300,00 €
Empresa contratada	

Exposicións, animación e promoción	9.700,00 €
Actividades de animación	
Charlas de expertos	
Publicacións	
Comunicación e promoción	
SUMA DE GASTOS	33.000,00€

QUINTA: FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial aboará ao Concello de ZAS a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

Efectuaranse mediante pagos trimestrais por períodos vencidos, polo importe proporcional correspondente. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. secretario co Vº e pr. do alcalde-presidente do Concello de ZAS.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de ZAS deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social. Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houber.

O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN DA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmobile e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Edificio das Torres do Allo non poderán superar o aforamento de 25 persoas no seu interior, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha

antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

A Deputación da Coruña e o Concello de ZAS traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación deste.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar nel as actividades que estime oportunas.

OITAVA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

NOVENA: VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde o 17 de marzo de 2016 e ata o 31 de decembro de 2016 .

Non obstante a xustificación de actividades do último trimestre poderá presentarse ata o 31 de marzo de 2017, podendo prorrogarse o devandito prazo de xustificación por causas debidamente xustificadas.

DÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E EQUIPAMENTO

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DE ZAS

XESÚS SOTO VIVERO

MANUEL MUÍÑO ESPASANDÍN

12.-APROBACIÓN DO TEXTO E FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA O PROXECTO DE XESTIÓN CON ATENCIÓN DE VISITANTES, MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO E OUTRAS ACTIVIDADES DO CASTELO DE VIMIANZO E OS BATÁNS DE MOSQUETÍN.

1.-Aprobar o texto do convenio entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo para a xestión con atención de visitantes, mostra de artesanía en vivo e outras actividades no Castelo de Vimianzo e nos Batáns do Mosquetín ano 2016, coa achega provincial indicada na cláusula cuarta do convenio de 100.000,00 euros e con arranxo ao seguinte detalle:

CASTELO DE VIMIANZO	DE	0620/3365/22609	70.000	Utilizando o nivel de vinculación xurídica
BATANS MOSQUETIN	DO	0620/3332/22609	30.000	
TOTAL			100.000	

2.-Facultar o presidente para a execución do presente acordo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA O PROXECTO DE XESTIÓN CON ATENCIÓN DE VISITANTES, MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO E OUTRAS ACTIVIDADES DO CASTELO DE VIMIANZO E OS BATÁNS DO MOSQUETÍN.

Na Coruña

REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 do 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 do 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro, Don Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor do Castelo de Vimianzo e os Batáns do Mosquetín.

2.- O Concello de Vimianzo leva colaborando coa Deputación provincial da Coruña na xestión do Castelo de Vimianzo e os Batáns do Mosquetín, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, o obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e facer máis próximo o patrimonio á xente.

3.- O Concello de Vimianzo quere intensificar a súa colaboración coa Deputación na xestión do Castelo de Vimianzo e os Batáns do Mosquetín.

4.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor destes conxuntos arquitectónicos a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de VIMIANZO acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo, CIF P-1509300-H por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello de Vimianzo, O PROXECTO DE XESTIÓN CON ATENCIÓN DE VISITANTES, MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO E OUTRAS ACTIVIDADES DO CASTELO DE VIMIANZO E DOS BATÁNS DO MOSQUETÍN

SEGUNDA: OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE VIMIANZO.

A xestión do servizo de atención de visitantes implicará as seguintes obrigacións por parte do Concello de Vimianzo:

ACTIVIDADES NO CASTELO DE VIMIANZO

NOME	XXIII MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO NO CASTELO DE VIMIANZO
TEMPORALIZACIÓN	Ano 2016
ACTIVIDADES	
1) Exposición en vivo de artesanías	Artesanías textis Artesanías de fibras vexetais Artesanías utilitarias
2) Visita guiada ao Castelo e atención ao público	É un servizo prestado por persoal municipal durante todo o ano (conserxe, técnicos) que se reforza no verán con contratacións externas para prestar os servizos de guía e atención ao público.
3) Roteiros	Propónse a realización de roteiros desde o Castelo, a pé e en bus, para coñecer os dominios dos Condes de Altamira
4) Visita teatralizada	Trátase de vivir a historia do Castelo da man dun grupo de teatro que trasladan no tempo aos visitantes.
5) Comunicación	Trátase de divulgar a mostra e os seus contidos con diferentes ferramentas e a diferentes públicos, implicando neste labor aos artesáns.
6) Coaching cos artesáns	Formación e monitorización buscando a calidade na atención ao visitante e o respecto aos obxectivos da exposición.

EXPOSICIÓN EN VIVO DE ARTESANÍAS

Despois da musealización das instalacións do Castelo, levada a cabo no marco do Plan de dinamización turística da Costa da Morte, a Mostra de Artesanía en Vivo invadiu todas as dependencias da fortaleza. A través de diversos convenios, os artesáns montarán as seguintes exposicións:

- Encaixe de Vimianzo
- Artesanía do liño (proceso)
- Artesanía de tear de liño e outros materiais
- Maquetería de barcos
- Artesanía de prata e vidro
- Cestería
- Artesanía da pel
- Elaboración de zocos
- Alfarería de Buño

VISITA GUIADA NO CASTELO E ATENCIÓN AO PÚBLICO

O Castelo de Vimianzo é un dos conxuntos máis visitados na Costa da Morte. Os viaxeiros que se achegan demandan información sobre a fortaleza e o seu contido, e tamén sobre o resto do xeodestino.

Durante todo o ano, atenden ao público un conserxe, praza específica para este espazo, e un técnico do departamento de Cultura.

No verán este servizo impleméntase coa contratación externa de auxiliares da Mostra de Artesanía.

ROTEIROS DESDE O CASTELO

Roteiro a pé

Defínese un roteiro a pé, con mapa e sinalización, de maneira que se poida facer guiado ou individualmente. Dáse información sobre el nos puntos de información municipais e nos establecementos que o desexen.

O percorrido discorre polo Val de Vimianzo. Os recursos máis interesantes do roteiro son: Castelo de Vimianzo, monte de Trasariz, Pazo de Trasariz, vello Camiño Real, Muíño da Agra, Muíño de Pasantes, Muíño da Gándara, Castro das Barreiras, vistas ao castro de Trasouteiro e Pazo de Trasouteiro.

- Sociedade da Costa da Morte e visitantes

Para cada un deles será necesario deseñar unha estratexia de comunicación diferente.

COACHING COS ARTESÁNS

A Mostra de Artesanía do Castelo de Vimianzo é mais ca un recurso turístico. É un escaparate da artesanía da zona, e unha ferramenta para a conservación do patrimonio cultural inmaterial asociado a antigos oficios. Pero o coñecemento profundo dunha artesanía non implica saber atender aos visitantes curiosos que se achegan ao castelo. Por iso, se considera necesario traballar cos artesáns para que perfeccionen as súas habilidades na atención ao público.

Por outra parte, tamén se desexa profundar na creatividade orientada á identidade da Costa da Morte, conseguir que os produtos expostos recollan a herdanza cultural e os sinais da nosa identidade.

Preténdese levar a cabo sesións grupais e un seguimento individual a modo de titorías con cada persoa que participa na exposición en vivo durante todo o ano.

ACTIVIDADES NOS BATÁNS DO MOSQUETÍN

NOME	SERVIZO DE ATENCIÓN A VISITANTES NOS BATÁNS DO MOSQUETÍN
TEMPORALIZACIÓN	Ano 2016
ACTIVIDADES	
Atención ao visitante	Consiste en atender ao visitante durante a súa visita, e dar servizos anteriores e posteriores, se se demandaran.
Actividades de animación	Organizar varias actividades de animación relacionadas coas muiñadas e o bataneado de mantas de la. Organizar charlas divulgativas, presentacións de libros, etc.
Comunicación e promoción	Accións de divulgación, comunicación e promoción destinadas a diferentes públicos e empregando diversidade de ferramentas.

ATENCIÓN AO VISITANTE

Obxectivos:

- Dar a benvida e información ás persoas que se achegan ao conxunto, ben sexa dunha maneira individual, ben sexa en grupo.
- Dar información por teléfono ou outras vías ás persoas que previamente solicitan información.
- Dar atención aos visitantes que demanden información posterior á súa visita.
- Dispor de información sobre servizos próximos.

A información debe terse preparada, cando menos, en galego, castelán e inglés e a persoa que atenda aos visitantes debe saber dar unha explicación do conxunto nestes tres idiomas.

ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN

Obxectivos:

- Enriquecer a experiencia da visita e implicar a poboación local no mantemento do patrimonio.
- Organizar, polo menos, tres muiñadas e tres actividades de bataneo ao longo do ano.
- Manter vivo o coñecemento asociado a todo o funcionamento dos batáns e muiños empregando material da zona e implicando a artesáns do tear e a agricultores.
- Organizar charlas divulgativas e presentacións de libros
- Organizar actuacións folclóricas
- Implicar o tecido agrario e gandeiro relacionado cos Batáns e os produtos que neles se traballaban (lan de ovella, millo, trigo, liño)
- Implicar ás artesanías presentes no Castelo no desenvolvemento de actividades nos Batáns
- A muiñada consistiría en facer funcionar os muiños de millo e os de trigo, complementando esta actividade con actuacións folclóricas.
- O bataneado consistiría en facer funcionar os batáns empregando as mantas de la saídas do tear.
- Durante a actividade poderíase ver o uso da auga, os artiluxios relacionados co seu discorrer polo conxunto e como funciona cada parte.
- Tamén se podería incluír unha degustación de alimentos feitos con fariña de millo e de trigo, implicando ás panaderías de Vimianzo e á poboación local.

COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN

Obxectivos:

- Dar a coñecer os Batáns do Mosquetín como recurso turístico de Vimianzo e da Costa da Morte
- Levar a cabo unha labor didáctica sobre escolares, a poboación local e os visitantes sobre os usos da auga, a enxeñería civil e contribuír ó mantemento do patrimonio cultural material e inmaterial.

Trátase de divulgar este recurso e os seus contidos con diferentes ferramentas:

- Web do Concello de Vimianzo
- Gabinete de prensa e comunicación fluída cos medios
- Insercións publicitarias
- Redes sociais
- Material impreso
- Mailings

As accións de divulgación e comunicación teñen os seguintes públicos obxectivos:

- Profesionais de hostalería de Vimianzo
- Poboación de Vimianzo
- Profesionais de hostalería de Costa da Morte, cidades da Coruña e Santiago e Rías Baixas
- Puntos de información turística e museos
- Centros educativos da provincia e asociacións

- Axencias de viaxes
- Sociedade da Costa da Morte e visitantes

Para cada un deles será necesario deseñar unha estratexia de comunicación diferente.

ORGANIZACIÓN

- **Coordinación**

O responsable da organización é a Alcaldía, co apoio técnico dos departamentos de Promoción Económica e Cultura.

- **Recursos Humanos**

NO CASTELO DE VIMIANZO

Para desenvolver o proxecto son necesarios os seguintes recursos humanos:

- Persoal de planificación, o do Dpto. de Promoción Económica
- Persoal do Castelo. Conserxe e técnico dos dptos. de Cultura e Promoción Económica
- Guía (contratación externa)
- Grupo de teatro (contratación externa)
- Persoal de atención ao público no verán (contratación externa)
- Artesáns (contratación externa).
- Servizo de coaching (contratación externa).

NOS BATÁNS DO MOSQUETÍN

Para desenvolver o proxecto son necesarios os seguintes recursos humanos:

- Persoal de planificación, o do Dpto. de Promoción Económica
- Guía (persoal do concello e contratación externa)
- Actividades de animación (contratación externa)

TERCEIRA: DISPOSICION COMUN

O Concello de Vimianzo fará constar en todas as actividades, programas, folletos, carteis, etc., o financiamento da Deputación Provincial da Coruña

CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación provincial da Coruña aboará ao Concello de VIMIANZO a **cantidade de 100.000 euros** en concepto de xestión do Castelo de Vimianzo e actividades complementarias e Batáns do Mosquetín durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro do 2016 ata o 31 de decembro de 2016 , con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican e desagregamento dos orzamentos que igualmente se sinalan:

CASTILLO DE VIMIANZO	DE	0620/3365/22609	70.000
BATANS MOSQUETIN	DO	0620/3332/22609	30.000
TOTAL			100.000

PARA O CASTELO DE VIMIANZO

PERIODO DESDE XANEIRO DE 2016 ATA DECEMBRO DE 2016

Orzamento

Recursos humanos	15.000,00 €
Persoal municipal	
Contratacións	
Subministracións e gastos de mantemento	8.000,00 €
Enerxía	
Pequenos mantementos	
Limpeza e outros	
Exposición, animación e promoción	47.000,00 €
Exposición de artesanías en vivo	
Teatralización	
Coaching para os artesáns.	
Comunicación e promoción	
SUMA DE GASTOS	70.000,00 €

PARA OS BATÁNS:

PERIODO DESDE XANEIRO DE 2016 ATA DECEMBRO DE 2016

Orzamento

Recursos humanos	15.000,00 €
Persoal do concello	
Contratacións	
Animación, promoción e comunicación	10.000,00 €
Muiñadas (actividades de animación con funcionamento do muíño e actuacións folclóricas)	
Bataneado (actividades de animación con funcionamento dos batáns)	
Charlas de expertos	

Publicacións Promoción, publicidade e comunicación Acondicionamento da contorna	5.000,00 €
SUMA DE GASTOS	30.000,00 €

QUINTA: FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial aboará ao Concello de VIMIANZO a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

Efectuaranse mediante pagos trimestrais por períodos vencidos, polo importe proporcional correspondente. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. secretario co Vº e pr. do alcalde-presidente do Concello de VIMIANZO.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de VIMIANZO deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social. Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houber.

O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN DA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que lle corresponden á Presidencia da Deputación provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Edificio do Castelo de Vimianzo e os Batáns do Mosquetín non poderán superar o aforamento de 25 persoas no seu interior, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

A Deputación da Coruña e o Concello de VIMIANZO traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben

patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación deste.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovble seguirá sendo propiedade da. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar nel as actividades que estime oportunas.

OITAVA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

NOVENA: VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2016 e ata o 31 de decembro de 2016.

Non obstante a xustificación de actividades do último trimestre poderá presentarse ata o 31 de marzo de 2017, podendo prorrogarse o devandito prazo de xustificación por causas debidamente xustificadas.

DÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE CONTRATACION
PATRIMONIO EQUIPAMENTO

XESÚS SOTO VIVERO

O ALCALDE-PRESIDENTE
DO CONCELLO VIMIANZO

MANUEL ANTELO PAZOS

13.-APROBACIÓN DO TEXTO E FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA A XESTIÓN DA ATENCIÓN A VISITANTES E OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS DO MOSTEIRO CAAVEIRO ANO 2016.

1º.- Aprobar o texto do convenio entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello da Capela para a xestión da Atención de visitantes e outras actividades culturais do Mosteiro de Caaveiro do ano 2016, coa achega provincial indicada na cláusula cuarta do convenio de 70.000,00 euros utilizando o nivel de vinculación xurídica con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3361/22609.

2.-Facultar o presidente para a execución do presente acordo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES E OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS NO MOSTEIRO DE CAAVEIRO

A Capela,

REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 do 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 do 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro, Don Manuel Meizoso López, alcalde-presidente do Concello da CAPELA

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación , rehabilitación , musealización e posta en valor do Mosteiro de Caaveiro.

2.- O Concello da CAPELA leva colaborando coa Deputación provincial da Coruña na xestión do Mosteiro de Caaveiro, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, o obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e facer máis próximo o patrimonio á xente.

3.- O Concello da CAPELA quere intensificar a súa colaboración coa Deputación na xestión do Mosteiro de Caaveiro

4.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto arquitectónico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da CAPELA acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello da CAPELA, CIF: P-1501800-E por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello da CAPELA, OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES E OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS NO MOSTEIRO DE CAAVEIRO

SEGUNDA: OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DA CAPELA.

ATENCIÓN DE VISITANTES

Organización e supervisión dun servizo cualificado de atención a visitantes que permita, dun xeito controlado, converter o Mosteiro de Caaveiro e o seu entorno natural nun enclave turístico nacional, aumentando o número de visitantes e a cantidade e calidade da información que se lles transmite a estes.

O calendario inicialmente previsto de atención sería o seguinte:

- SEMANA SANTA: período comprendido entre o venres anterior e o luns posterior á Semana Santa.
Días: tódolos días da semana, incluídos domingos e festivos.
Horario: de 11:00 a 19:00 horas
- TEMPADA DE PRIMAVERA: período comprendido entre o martes posterior á Semana Santa e o 30 de xuño , ambos inclusive.
Días: venres, sábados, domingos e festivos.

Horario: de 11:00 a 18:00 h

- TEMPADA DE VERÁN: período comprendido entre o 1 de xullo e o 15 de setembro, ambos os dous inclusive.
Días: todos os días da semana, incluso domingos e festivos.
Horario: de 10:30 a 14:00 h, e de 16:00 a 20:00 h
- TEMPADA OUTONO-INVERNO: período comprendido entre o 16 de setembro e a Semana Santa.
Días: Venres, sábados, domingos e festivos.
Horario: de 11:00 a 19:00 h

Á marxe desta planificación, o Concello da Capela poderá dispor días e horas adicionais de atención ao público en función dos eventos ou accións que se planifiquen para a promoción turística e histórica do Mosteiro.

ENCONTRO COA HISTORIA

Organización dun evento de ambientación escénica consistente nun mercado medieval que propicie a difusión da historia do Mosteiro recreando unha viaxe no tempo que faga do Mosteiro de Caaveiro un lugar vivo e activo, no que os visitantes poidan sentirse parte desa historia. O mercado serviría tamén para dar a coñecer a artesanía de Galicia, promocionando estes produtos e a súa comercialización.

O evento incluíría estas accións na súa programación:

- Exposición e comercialización de artesanía: encaixe, tear, prata, vidro, cestería, pel, zocos, útiles de labranza....

- Exposición e comercialización de produtos autóctonos: requeixo, queixo, mel, grelos
- Talleres de artesanía para nenos.
- Mostra de artes e oficios medievais.
- Xogos.
- Visita teatralizada ao Mosteiro.
- Concienciación da importancia da conservación da natureza, con excursións e charlas informativas polas Fragas do Eume.

NOITE NO MOSTEIRO

Un evento especialmente planificado para poñer en valor a beleza e a arquitectura do Mosteiro, destacándoo como elemento representativo da Capela, e divulgar outro dos acenos de identidade de Galicia: a nosa música e o noso folclore.

Durante o día organizaranse mostras de baile e folclore galego, e mesmo unha exposición de traxes rexionais. Alumnos das escolas de música e baile da Capela deleitarán os visitantes coas súas habilidades nestas artes.

De xeito paralelo, organizaranse visitas guiadas ao Mosteiro e a súa contorna.

O evento terá o punto álxido durante a noite, cando o Mosteiro se iluminará con focos led programables de cores nunha estampa única e sorprendente.

A iluminación escénica irá acompañada dun concerto de música de cámara organizada en pases para facilitar o seu gozo pola maior cantidade de turistas posible. De ben seguro que a estampa correrá por redes sociais e teléfonos por todo o mundo.

LOGOTIPO CORPORATIVO

Deseño dunha identidade corporativa do Concello da Capela e da Deputación Provincial da Coruña que inclúa como elemento identificador principal o Mosteiro de Caaveiro, para ser utilizado nos documentos, medios e comunicacións oficiais.

TERCEIRA: DISPOSICION COMUN:

O Concello da CAPELA fará constar en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., o financiamento da Deputación Provincial da Coruña

CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación provincial da Coruña aboará ao Concello da CAPELA a cantidade de 70.000 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes e outras actividades culturais no Mosteiro de Caaveiro durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016 , con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3361/22609 e con arranxo ó seguinte desagregamento:

- Atención de visitantes: 29.730 euros
- Encontro coa historia: 12.125 euros
- Noite no Mosteiro: 10.600 euros
- Logotipo corporativo: 6.250 euros
- Outras (*): 11.295 euros
- TOTAL:** 70.000 euros

(*) Outros eventos e accións relacionadas directamente coa atención, promoción turística e divulgación do Mosteiro de Caaveiro, que deberán ser documentalmente xustificadas.

QUINTA. FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial aboará ao Concello da CAPELA a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

Efectuaranse mediante pagos trimestrais por períodos vencidos, polo importe proporcional correspondente. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. secretario co Vº e pr. do alcalde-presidente do Concello da CAPELA.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello da CAPELA deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social. Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houber.

O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Edificio do Mosteiro de Caaveiro non poderán superar o aforamento de 25 persoas no seu interior, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

A Deputación da Coruña e o Concello da CAPELA traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben

patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación deste.

SETIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar nel as actividades que estime oportunas.

OITAVA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

NOVENA: VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2016 e ata o 31 de decembro de 2016 .

Non obstante a xustificación de actividades do último trimestre poderá presentarse ata o 31 de marzo de 2017, podendo prorrogarse o devandito prazo de xustificación por causas debidamente xustificadas.

UNDÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E EQUIPAMENTO

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DA CAPELA

XESÚS SOTO VIVERO

MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

14.-APROBACIÓN DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) ADICIONAL 1/2015

Logo de ver as Bases modificadas reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 8 de outubro de 2015 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 196 do 14 de outubro de 2015

Despois de ver as solicitudes presentadas polos concellos da provincia

1.- Aprobar o Plan de aforro e investimento (PAI) adicional 1/2015, no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que deseguido se indican, co detalle da súa denominación e financiamento desagregado entre a Deputación e o Concello:

PAI ADICIONAL 1/2015					
Concello	Código	Denominación	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
BETANZOS	15.3291.0101.0	MEL.PARQS. MALECÓN, PINTOR S.R., PASATEMPO	56.065,45	8.545,73	64.611,18
CARBALLO	15.3291.0102.0	REURBANIZACION DA RÚA VILA DE NOIA	122.184,90	0,00	122.184,90
CULLEREDO	15.3291.0103.0	MELLORAS NA PRAZA D. RODRIGUEZ CASTELAO	46.735,08	3.909,37	50.644,45
FENE	15.3291.0104.0	MELL. PISTA POLID. MAGALOFES E ÁREAS XOGOS	42.914,20	0,00	42.914,20
OUTES	15.3291.0105.0	MELL. CANALIZACIÓN PLUVIAIS NO REGO E OUT.	44.919,64	0,00	44.919,64
RIBEIRA	15.3291.0106.0	MELL. SEGUR. VIAL ZONA ESCOLAR DE FRÍONS	52.714,30	0,00	52.714,30
TEO	15.3291.0107.0	ACONDIC. VIARIO MUNICIP. CHAVES E RIBEIRA	67.005,14	9.954,74	76.959,88
TOTAL			432.538,71	22.409,84	454.948,55
NÚMERO DE CONCELLOS			7		
NÚMERO DE INVESTIMENTOS			7		

Aprobar os proxectos técnicos das obras e os pregos das subministracións incluídos neste plan.

O Plan finánciase con cargo á partida 0430/9432/82120 do vixente orzamento provincial.

2.- Aprobar o Plan complementario ao Plan de aforro e investimento 2015 integrado por aqueles investimentos solicitados polos concellos, que aínda non se poden aprobar definitivamente, ben por non estar adxudicadas todos os investimentos do PAI 2015, ou ben por estar a súa documentación incompleta. Por iso, estes investimentos apróbanse con carácter supletorio, condicionados á existencia de financiamento por parte da Deputación procedente das baixas de licitación de todos os investimentos do Plan base ou a emenda das deficiencias que se indican para cada un deles.

PLAN COMPLEMENTARIO AO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015			
Concello	Denominación	ORZAMENTO	CONDICIÓNS
SADA	MELL. EFIC. ILUMIN.PÚBLICA ESTRD. AC-183 E OUT.	53.051,41	-Financiamento procedente de baixas da Deputación de todas as obras do

			plan base
			-Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
SANTISO	REPARACIÓNS ALUMEADO PÚBLICO EN SOUTO E OUT.	30.703,63	-Financiamento procedente de baixas da Deputación de todas as obras do plan base
VIMIANZO	MANT. E MELL. ESTRADAS PARRQ. DE BAIÑAS E CALO	35.000,00	-Financiamento procedente de baixas da Deputación de todas as obras do plan base
			-Raficación polo Pleno municipal do proxecto corrixido
	TOTAL	118.755,04	
	TOTAL CONCELLOS	3	
	TOTAL INVESTIMENTOS	3	

3.- A contratación das obras e subministracións realizaranas os respectivos concellos de acordo co previsto na base 7, fixándose a data para a súa contratación ata o 1 de outubro de 2016, prorrogable se os concellos así o solicitan motivadamente.

4.- A execución do plan e pago do préstamo provincial realizarase de acordo co previsto nas bases 7 e 8, e a devolución polos concellos do préstamo provincial recibido realizarase segundo a base 9, fixándose a data para o remate dos investimentos o 1 de novembro de 2017, prorrogable se os concellos así o solicitan motivadamente.

5.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

6.- Remitir o expediente para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.

15.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE AMPLIACIÓN/ACONDICIONAMENTO DE CUNETAS, REDE MUNICIPAL DE PLUVIAIS EN LAMIÑO, LIÑARES E VIOXO-LUAÑA

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Brión para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Brión
DENOMINACIÓN DA OBRA	Ampliación/Acondicionamento de cunetas, rede municipal de pluviais en Lamiño, Liñares e Vioxo-Luaña
ORZAMENTO DO PROXECTO	135.163,93 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	108.131,14 €
ACHEGA DO CONCELLO	27.032,79 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/4541/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE AMPLIACIÓN/ACONDICIONAMENTO DE CUNETAS, REDE MUNICIPAL DE PLUVIAIS EN LAMIÑO, LIÑARES E VIOXO-LUAÑA

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Brión, Xosé Luis García García

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Brión ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión, con CIF P1501300F para o financiamento da obra de “Ampliación/Acondicionamento de cunetas, rede municipal de pluviais en Lamiño, Liñares e Vioxo-Luaña”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	93.870,36 €
Gastos xerais e Beneficio industrial (19%)	17.835,37 €
IVE (21 %)	23.458,20 €
Orzamento da contrata	135.163,93 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 108.131,14 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.
2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarase de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención

outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 1 de novembro de 2017. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas

efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello de
Brión

Xosé Regueira Varela

Xosé Luis García García

16.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DAS PLANTAS ALTA E BAIXA NO CENTRO SOCIOCULTURAL DO VISO

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Carnota para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Carnota
DENOMINACIÓN DA OBRA	Posta en funcionamento das plantas alta e baixa no Centro Sociocultural de O Viso
ORZAMENTO DO PROXECTO	200.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	160.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	40.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/93391/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/93391/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste Convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DAS PLANTAS ALTA E BAIXA NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE O VISO

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Carnota, Ramón Noceda Caamaño

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Carnota ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carnota, con CIF P1502000A para o financiamento da obra de “Posta en funcionamento das plantas alta e baixa no Centro Sociocultural de O Viso”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto José Carlos Leis Caruncho
1.- Aprobar o proxecto modificado da obra “Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros”, do Concello de Boqueixón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0029.0, cos datos que se indican, que aínda que non supón modificación do seu orzamento total e que a obra está sen adxudicar, si implica unha alteración do trazado previsto no proxecto inicial para dar cumprimento á Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 3 de febreiro de 2016:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
16.2100.0029.0	Boqueixón	Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros	53.577,01	0,00	53.577,01

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación do 26 de febreiro de 2016, polo que se aprobou o POS 2016, e aprobala definitivamente toda vez que o Concello de Boqueixón presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Boqueixón para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución desta obra incluída no POS 2016.

24.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2016.

1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de marzo de 2016.

2.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación provincial da Coruña.

25.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 29/02/2016 E PROXECCIÓN A 31/12/2016.

- 1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 29 de febreiro de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Intervención provincial.
- 2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.
- 3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.
- 4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

26.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31/03/2016 E PROXECCIÓN A 31/12/2016.

- 1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de marzo de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Intervención provincial.
- 2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.
- 3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.
- 4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

27.-DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA NÚM. 8124 DO 15 DE ABRIL DE 2016 E NÚM. 8312 DE 20 DE ABRIL DE 2016 POLAS QUE SE APROBAN OS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES NÚMEROS DOUS E TRES, DE APROBACIÓN POLA PRESIDENCIA.

O Pleno toma coñecemento das Resolucións da Presidencia número 8124, do 15 de abril de 2016 e número 8312, do 20 de abril de 2016, polas que se aproban os expedientes de modificación de créditos de incorporación de remanentes números dous e tres, de aprobación polo presidente.

28.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2016 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

- 1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.
- 2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
- 3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.

29.-MODIFICACIÓN DA BASE 28: CONTRATOS MENORES, DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O EJERCICIO 2016.

1.- Aprobar a nova redacción da base 28 das de execución do orzamento para o 2016 que sería do seguinte teor literal:

“BASE 28ª.- CONTRATOS MENORES.

A tramitación de gastos que, pola súa contía, deban considerarse contratos menores conforme o disposto no artigo 111 e 138.3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, adecuaranse ás seguintes normas:

A) Normas comúns a todos os contratos menores

En ningún caso poderán considerarse contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto, polo que deberá acreditarse expresamente no expediente que os servizos, subministracións e obras son completos e independentes e, por tanto, non susceptibles de continuación mediante fases ou complementos.

En todo caso procurárase a acumulación de adquisicións, prestacións ou obras que teñan idéntico obxecto ou finalidade co fin de tramitar expedientes de contratación conxuntos.

Corresponderá a quen propoña a realización dun contrato menor verificar previamente a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación, mediante a incorporación do documento contable de retención de créditos polo importe da proposta.

Os contratos menores terán unha duración máxima dun ano, procurárase a súa imputación ao exercicio orzamentario en que se realiza a prestación, non poderán ser obxecto de prórroga, revisión de prezos ou fraccionamento.

Admitiranse pagos parciais para esta modalidade de contratos.

Na tramitación dun contrato menor inferior a 18.000 euros (IVE excluído), no caso de que o órgano de Contratación decidise publicar anuncios da convocatoria en diarios oficiais ou en prensa non se liquidará ningún importe ao contratista adxudicatario polo concepto de reintegro de gastos de anuncios a cargo de contratistas.

A.1. Tramitación xeral

As propostas de contratos menores deberán remitirse ao Servizo de Patrimonio e Contratación para a súa tramitación de acordo co seguinte procedemento:

O expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada en que figurarán, como mínimo, os seguintes datos: obxecto, orzamento de licitación, financiamento, forma de pago, prazo de execución e dereitos e obrigas das partes e os criterios que se utilizarán para a valoración das ofertas e a súa ponderación.

Deberá constar, así mesmo, a autorización da Presidencia ou da/o deputada/o que teña a delegación da área correspondente, de acordo coas Instrucións para a

coordinación de contratos da Deputación, do 19/12/2011, e non poderá tramitarse o expediente sen esta autorización.

A selección do adxudicatario realizarase previa publicación dun anuncio no Perfil de Contratante.

Para estes efectos as unidades xestoras remitirán ao Servizo de Patrimonio e Contratación unha proposta de contratación simplificada onde se indicará:

1. A denominación e o obxecto do contrato
2. O orzamento do contrato
3. O prazo de execución ou duración
- 4.- As prescricións técnicas básicas ou as características básicas da prestación para realizar
5. Cando o prezo non sexa o único factor a considerar, indicaranse os criterios de valoración e a documentación técnica para presentar os licitadores
6. O prazo de presentación de ofertas, como regra xeral, será de 5 días. Con todo, se a unidade xestora considera o expediente de urxencia o prazo poderá reducirse a 2 días e, en casos excepcionais, a 1 día
7. Forma de acreditar o cumprimento das prestacións e forma de pago.

O Servizo de Patrimonio e Contratación publicará o anuncio no Perfil, recollendo os datos indicados no apartado anterior e soamente esixirá dos licitadores unha declaración responsable de que non están incurso en prohibicións de contratar e ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Os licitadores remitiran as súas ofertas exclusivamente por correo electrónico á dirección específica que cree a Deputación para estes fins e non precisará a súa presentación en papel.

O Servizo de Patrimonio e Contratación comprobará que o contratista que resulte proposto como adxudicatario presentou a declaración responsable.

No caso de que a unidade xestora fixase algún criterio de valoración ademais do prezo, o Servizo de Patrimonio e Contratación remitirá as ofertas á Unidade Xestora para os efectos de que emitan a correspondente valoración e proposta de adxudicación

Ditarase, a través do Servizo de Patrimonio e Contratación, a Resolución de adxudicación, determinando os elementos esenciais da relación contractual: datos do adxudicatario (nome, razón social, NIF ou CIF, domicilio social, etc.) obxecto, prezo, forma de pago, prazo de execución e dereitos e obrigas recíprocas.

A.2. Tramitación simplificada

Os supostos incluídos nos apartados B.1, C.1 e D.1 poderán ser tramitados polo procedemento simplificado que se establece nos respectivos apartados, sen prexuízo de que poidan tramitarse de acordo co procedemento xeral descrito no apartado anterior.

B) Contratos menores de obras

B.1) Cando a contía das obras que se vai realizar sexa igual ou inferior a 6.000 euros (IVE excluído) será suficiente a proposta do Servizo Técnico competente contendo a descrición das obras que se han realizar e a cuantificación do seu importe, e a subseguinte achega da factura.

Deberá constar autorización da Presidencia ou da/o deputada/o que teña a delegación da área correspondente de acordo coas Instrucións para coordinación de contratos da Deputación, do 19/12/2011, ou, na súa falta, esta autorización poderá prestarse conxuntamente co recoñecemento da obriga e a ordenación do pago.

Neste suposto non será necesaria a súa tramitación a través do Servizo de Patrimonio e Contratación.

B.2) Cando o importe das obras que se vaian realizar sexa superior a 6.000 euros e inferior a 18.000 euros (IVE excluído) o expediente tramitarase de acordo co establecido no apartado A.1. Tramitación xeral

B.3) Se a contía do orzamento da obra que se vai realizar é igual ou superior a 18.000 euros e inferior a 50.000 euros (IVE excluído), o expediente conterá o orzamento de execución por contrata das obras, a memoria valorada e o proxecto técnico cando normas específicas o requiran, e adxudicarase normalmente mediante procedemento aberto (cun único criterio de adxudicación ou con multiplicidade de criterios), salvo que circunstancias de urxencia ou excepcionalidade debidamente acreditadas no expediente aconsellen utilizar o procedemento indicado no apartado A.1. Tramitación xeral.

Deberá constar, así mesmo, autorización da Presidencia ou da/o deputada/o que teña a delegación da área correspondente de acordo coas Instrucións para coordinación de contratos da Deputación, do 19/12/2011, polo que non se poderá tramitar o expediente sen a devandita autorización.

C) Contratos menores de subministracións

A adxudicación de material que, polo seu carácter esporádico ou extraordinario, non permita a tramitación dun contrato conxunto de subministracións, tramitarase necesariamente sempre a través do Servizo de Patrimonio e Contratación e adecuarase aos seguintes criterios xenéricos, tanto se se trata de material inventariable ou non:

C.1) Cando a contía sexa igual ou inferior a 3.000 euros (IVE excluído), e non se tramiten a través do sistema de Anticipos de Caixa Fixa, as peticións tramitaranse a través do Servizo de Patrimonio e Contratación, mediante a remisión dun vale externo de petición de material, e a subseguinte achega da factura. A autorización da Presidencia ou da/o deputada/o que teña a delegación da área correspondente poderá prestarse conxuntamente co recoñecemento da obrigación e a ordenación do pago.

C.2) Cando a contía sexa superior a 3.000 euros e inferior a 18.000 euros (IVE excluído), o expediente tramitarase de acordo co establecido no apartado A.1. Tramitación xeral

D) Contratos menores de servizos

D.1) Cando a contía sexa inferior a 3.000 euros (IVE excluído), será suficiente a proposta da unidade xestora contendo a descrición dos servizos que se vaian prestar e a cuantificación do seu importe e a subseguinte achega da factura.

Deberá constar autorización da Presidencia ou da/o deputada/o que teña a delegación da área correspondente, de acordo coas Instrucións para a coordinación de contratos da Deputación, do 19/12/2011, ou, na súa falta, a devandita autorización poderá prestarse conxuntamente co recoñecemento da obrigaón e a ordenación do pago.

Neste suposto non será necesaria a súa tramitación a través do Servizo de Patrimonio e Contratación.

D.2) Cando a contía sexa superior a 3.000 euros e inferior a 18.000 euros (IVE excluído), o expediente tramitárase de acordo co establecido no apartado A.1. Tramitación xeral

E) Asistencia técnica para a valoración dos criterios de adxudicación dos contratos

As persoas profesionais non dependentes da Deputación que, polos seus coñecementos científicos, técnicos, culturais ou académicos, sexan designadas para formaren parte das comisións técnicas que han de valorar e ponderar os criterios de adxudicación dos contratos desta Deputación, percibirán unha remuneración por cada informe emitido de 150,00 euros, independentemente do número de sesións a que dese lugar a emisión do informe-proposta requirido.

Sobre as cantidades aboadas practícarase a retención correspondente, de acordo co previsto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Remuneración das prácticas bolseiras

O persoal bolseiro que desenvolva na Deputación prácticas bolseiras derivadas de convenios con outras administracións ou entidades ou a través de convocatorias públicas percibirá unha bolsa de 900,00 € mensuais co obxecto de cubrir as necesidades básicas do alumno en desprazamentos, manutención e aloxamento, nos casos en que o prevexa o convenio ou as bases reguladoras.

A remuneración das prácticas bolseiras estará suxeita á normativa vixente canto a obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.”

G) Publicidade da adxudicación.

De conformidade co disposto no 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información e bo goberno a Deputación publicarase a relación detallada de todos os contratos menores adxudicados.

Así mesmo publicarase a totalidade das facturas aboadas, xunto co informe mensual sobre o período medio de pago a provedores.

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerárase definitivamente aprobada a modificación da base de execución do orzamento.

30.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A REAL ACADEMIA DE MEDICINA Y CIRUGÍA DE GALICIA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de abril de 2016.

2.- Aprobar o convenio coa Real Academia de Medicina e Cirugía de Galicia correspondente á subvención nominativa, por importe de 12.571 €, concedida para financiar as actividades do ano 2015, cun orzamento subvencionado de 15.714 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo á aprobación definitiva e entrada en vigor do Expediente de Modificación de Crédito n.º 1/2016, no que se inclúe o crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia para financiar as Actividades do ano 2015.

A Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. José Carro Otero, presidente da Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

A Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia foi creada por Real Decreto en 1827 e segundo o disposto no artigo 4 dos seus estatutos, ten como funcións principais:

- Contribuír ao estudo e a investigación das ciencias médicas e das ciencias afíns.
- Promover o estudo das patoloxías na súa referencia médico-xeográfica galega.
- Asesorar as autoridades nacionais, autonómicas e locais nas cuestións sanitarias, ben evacuando as consultas que lle fagan, ben elevando espontaneamente escritos oportunos relacionados con asuntos médicos de interese.

- Emitir os informes que sobre medicina forense e sobre cuestións de saúde laboral lle soliciten as autoridades. Así mesmo, poderán emitir informes a particulares sobre asuntos da súa competencia.
- Informar a cantos investigadores o requiran sobre as cuestións sanitarias, científicas e bibliográficas que lle consulten.
- Conservar e incrementar os fondos da súa biblioteca especializada.

Que a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento das actividades da Academia para o ano 2015 e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

Que a Deputación Provincial da Coruña, concede unha grande importancia á divulgación da ciencia e, considerando a complementariedade desta actividade coa política de concesión de bolsas á investigación que vén desenvolvendo dende hai anos este organismo, está interesada en colaborar na organización de dous ciclos de conferencias que organiza a Academia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia (CIF: Q1568005A) para financiar as *Actividades do ano 2015*.

Este ano a Academia organiza dous ciclos de conferencias de educación sanitaria dirixidos a un público xeral da provincia da Coruña: O ciclo sobre “Buenos hábitos salutíferos en las personas mayores (nove conferencias) e o ciclo “ Obesidad, una verdadera epidemia entre los jóvenes de nuestros días”(quince conferencias a impartir en institutos de ensinanza secundaria da provincia).

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos directos:

Desprazamentos organización	550.-
Gastos de imprenta	1.400.-
Honorarios dos conferenciantes	6.000.-
Desprazamentos dos conferenciantes	600.-
Fotografía, power point e gráficos	350.-
Secretaría dos ciclos	4.656.-
Varios (correos, SEUR, paneis funxibles)	350.-

Gastos indirectos (13% dos gastos directos): 1.808.-

Total 15.714 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **12.571 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia obteña para a mesma finalidade.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2015**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de xullo de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre

outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA PROMOVER A INSTALACIÓN DE DESFIBRILADORES NOS ESPAZOS DEPORTIVOS DA PROVINCIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Coa desexable extensión entre a cidadanía da práctica deportiva como hábito saudable, se está a producir a consecuencia negativa de falecementos de deportistas durante encontros ou adestramentos. O caso máis recente vén de suceder en Muxía, nesta mesma fin de semana, e engadiu a nota dolorosa de que o falecido tiña tan só 15 anos.

Algunhas comunidades autónomas como Andalucía ou Euskadi xa contan con, ou están a piques de aplicar, normativas que obrigan á presenza de equipos de Desfibrilación Semiautomática Externa (DSAE) en aglomeracións de persoas, en eventos deportivos, ou en lugares onde se produce práctica deportiva intensa, como poden ser os ximnasios e pavillóns municipais. Este tipo de equipos son efectivos na maioría de paradas cardíacas, entre elas a fibrilación ventricular, a causa máis frecuente de morte súbita. Están pensados para o seu uso por parte de persoal non sanitario; son capaces de monitorizar o ritmo cardíaco da persoa afectada, e de aconsellar ás persoas asistentes qué manobras de reanimación se deben realizar, mantendo así as constantes vitais do doente ata que se produce unha intervención médica especializada.

Coa mesma finalidade, gobernos autonómicos como o de Navarra e deputacións provinciais como a de Valladolid ou a veciña de Pontevedra habilitaron liñas económicas para dotar ás entidades locais de equipos DSAE. Ambas deputacións inclúen, dentro das liñas anuais de subvención en concorrencia competitiva, a posibilidade de que concellos e entidades adquiran desfibriladores. Dentro da liña de subvención F0104 que ofrece a Deputación da Coruña a entidades, se ben non existe obstáculo legal para a súa adquisición, si existe a dificultade de que o importe do orzamento de gastos a subvencionar debe superar os 3.000€, cando os DSAE están, polo xeral, por baixo desa cantidade.

Outra actuación que tamén ten posto en marcha a Deputación de Pontevedra é a licitación de lotes de equipos DSAE, para a súa entrega posterior aos concellos. Trátase dunha subvención en especie na cal o ente provincial financia o 50% do custe. Os concellos beneficiarios desta actuación reciben, ademais do desfibrilador, un curso para o persoal non sanitario que presta as súas funcións nas instalacións deportivas municipais.

Desde este Grupo político entendemos que estas actuacións, non excesivamente custosas, poderían aumentar a seguridade da práctica deportiva, e que resultan de interese para o conxunto da provincia, pois esta cuestión transcende máis alá das necesidades específicas de cada concello concreto. Moitas das actividades deportivas que se celebran cada fin de semana teñen carácter comarcal, provincial ou mesmo autonómico.

Por estes motivos, é proposto ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. O Pleno insta á Corporación Provincial a promover de cara ao vindeiro exercicio orzamentario, e dentro das convocatorias de subvencións para a realización de investimentos deportivos dirixidas a concellos e entidades, a adquisición de equipos de desfibrilación semiautomática externa.
2. O Pleno insta á Corporación Provincial a ofrecer, dentro do actual exercicio orzamentario e no prazo máis breve que sexa posible, unha liña de axudas dirixida a entidades locais para a adquisición de equipos DSAE con destino ás instalacións deportivas municipais da provincia da Coruña.

MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSDG-PSOE, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, ALTERNATIVA DOS VECIÑOS E COMPOSTELA ABERTA DE APOIO Á ASOCIACIÓN PLATAFORMA DE VÍTIMAS ALVIA 04155.

A Asociación Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 constituíuse logo do desgraciado accidente deste tren con destino a Ferrol, o 24 de xullo de 2013, no que morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145. Esta Plataforma creouse co obxecto de reivindicar a verdade, a xustiza, a transparencia e esixir as responsabilidades que se puideren derivar dos feitos que rodearon a mencionada traxedia.

Desde a súa constitución a Plataforma denunciou a desatención e esquecemento que sufriron as familias de persoas falecidas e feridas por parte das institucións, e en concreto as institucións galegas que teñen unha especial débeda coas vítimas.

Esta Plataforma, así como diferentes grupos políticos, veñen reivindicando, desde que sucedeu este gravísimo accidente, a creación dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar todo tipo de responsabilidades, mais despois de pasados dous anos e medio, e a pesares das promesas do Ministerio de Fomento, ata o día de hoxe foi sistematicamente rexeitada, sendo a única comisión creada para analizar o sinistro a Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios (CIAF), unha comisión que non era independente, como obrigan as normas da UE, posto que no seu equipo técnico estaba integrado o Director Xeral de Seguridade de Renfe e o ADIF, ambos dependentes do Ministerio de Fomento.

As vítimas e familiares, así como a propia sociedade, necesitan e teñen dereito a coñecer a verdade do sucedido e a pedir responsabilidades pola ausencia de medidas de seguranza na parte do trazado onde se produciu o accidente, así como polas deficiencias técnicas do tren.

No artigo 52.1 do Regulamento do Congreso dos Deputados atribúe a capacidade de creación dunha Comisión de Investigación *“ao Pleno do Congreso, a proposta do Goberno”*, polo que, por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Deputación da Coruña,

ACORDA

1.- Solicitar ao Goberno do Estado que encargue a unha comisión de persoal experto e técnico independente a investigación do acontecido e a posterior apertura dunha Comisión de Investigación no Congreso dos Deputados sobre o accidente do tren Alvia 04155 para establecer as posibles responsabilidades políticas.

2.- A Deputación colaborará na difusión do documental FRANQUESTEIN 04155